

CALLE MÁLAGA

Maryam Touzani, 2025

1709

ESTREA EN NUMAX: 01.05.2026 | V.O. | +12 | 116 min

María Ángeles é unha española de 79 anos que vive soa en Tánxer, onde goza o seu día a día na cidade. Todo muda cando a súa filla Clara chega desde Madrid para vender o apartamento no que viviron. Decidida a ficar na cidade que a viu medrar, fará todo o posible para manter o seu fogar e os obxectos da súa vida.

«Unha luminosa Carmen Maura achega calidez, magnetismo e unha forza indomable a este conmovedor drama doméstico marroquí»

David Rooney, THE HOLLYWOOD REPORTER



Notas da directora

Por Maryam Touzani

Calle Málaga nace dunha profunda necesidade de reconectar cos meus recordos, exploralos e devolvelos á vida. Creo que o que creamos é un eco das pegadas que a vida deixa en nós.

Cando nacín, a miña avoa española xa vivía cos meus pais en Tánxer. Como moitos españois, mudárase alí cando era moza e xa ficou o resto da súa vida. Nunca imaxinara deixar a cidade que adoraba, a súa cidade. Hoxe descansa nun cemiterio esquecido de Tánxer, xunto a outras persoas que, coma ela, elixiron esta terra como o seu fogar.

Mentes medraba, vía como os seus amigos, que facían parte da comunidade española, loitaban por evitar o desarraigo. Decote eran incomprendidos polos seus fillos, que se mudaran a España e querían que eles fixesen o mesmo. Ese apego visceral conmoveume profundamente.

Sentín a necesidade de explorar este poderoso vínculo e o personaxe de María Ángeles pasou a encarnar non só ese desexo, senón tamén outras preguntas que me viñan perseguindo anos atrás.

Coido que facerse vello é un privilexio e cada engurra do noso rostro é testemuña dunha vida plenamente vivida, con todas as súas ledicias e tristuras. Quería retratar un tipo diferente de avellentamento: un que seguise pleno de vida, desafiando os límites que acotío se lle impón. A través de María Ángeles, quería confrontar as opinións da sociedade sobre facerse maio —as expectativas, os prexuizos, as barreiras— e facer que ela as superase.

Creo na liberdade de facernos vellos como queiramos. Quería contar unha historia diferente: unha que fose vibrante, sensual e desafiante. E ao facelo, volver ás miñas raíces, rodar a miña primeira longametraxe nesta cidade que tamén é miña.

Publicado en caramelfilms.es/